



Resolución do Director-Xerente da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), pola que se amplía o prazo máximo para a realización do exercicio do proceso selectivo para o ingreso no grupo II e grupo III categoría 62 de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

O 30 de decembro de 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia (en adiante DOG) a Resolución de 27 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso no grupo II e grupo III categoría 62 de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia.

No apartado III.1.1 establécese que a proba de oposición realizarase no prazo mínimo de sete (7) días hábiles e o máximo de sesenta (60) días hábiles dende a publicación do resultado do exercicio da proba da lingua galega.

Tendo en conta as dificultades para a realización deste exercicio, e conforme a proposta elevada polo tribunal cualificador, e de conformidade co disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas

DISPOÑO:

Primeiro.- Ampliar en trinta (30) días hábiles o prazo máximo para a realización da proba de oposición previsto no apartado III.1 da Resolución de 27 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso oposición, para o ingreso no grupo II e grupo III categoría 62 de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da





Comunidade Autónoma de Galicia, resultando un novo prazo de noventa (90) días hábiles dende a publicación do resultado do exercicio da proba de lingua galega.

Segundo.- Esta resolución surtirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Terceiro.- Publicar a presente resolución no Diario Oficial de Galicia e no portal web corporativo <https://www.funga.org>.

Cuarto.- Contra este acordo de ampliación de prazo non cabe recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O director-xerente da FUNGA

Juan José Couce Prego

